



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-000380 "INSTALACIÓN S XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓN S PARA O USO TÉRMICO DA ENERXÍA XEOTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE A CAÑIZA E A ILLA DE AROUSA"; QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 85% DA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION-EU, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA C2.14 «PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO», A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS IMPULSADA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Interveñen

Dunha parte M.^a del Carmen Silva Rego, con NIF.: 36.049.002-K, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra (P3600000H), actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte Carlos Iglesias Cores, con NIF.: 35.464.565-Z, alcalde do Concello de A Illa de Arousa (P8600004I), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

Expoñen

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de A Illa de Arousa (en adiante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que Concellos e cidadáns poidan obter os mesmos dereitos e servizos.

II. Que, na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo á economía baixa en carbono e á economía circular, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír á redución das emisións de CO₂



á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.

III. Dentro deste marco, a Deputación de Pontevedra informou, o 13 de agosto de 2019 (registro de saída núm.: 2019015131), ós Concellos e entidades locais menores da provincia da intención de presentar un proxecto singular no ámbito de actuación da enerxía limpa en municipios de reto demográfico ao amparo da convocatoria do Programa DUS 5000 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE).

IV. Que o Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a sinatura en data 30 de outubro de 2021 do Acordo entre beneficiarios, do proxecto denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” no ámbito da enerxía limpa en municipios de reto demográfico, ao amparo da convocatoria que o Ministerio para a Transición Ecolóxica impulsa a través do IDAE, e que ten como finalidade a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía xeotérmica en A Illa de Arousa.

V. Que mediante Resolución presidencial número 2021006571 de data de 04/11/2021, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” no marco da “Medida 3. Instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío” definida no anexo I do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000).

VI. En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202100017457. Tras a súa avaliación, en data 01/03/2023 (registro de entrada número: 2023004575) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a NextGeneration-EU por importe de 349.276,53 euros, asignándosele ao proxecto o número IDAE PR-D5000-2021-000380.

VII. Que esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca a execución das actividades incluídas no proxecto aprobado anteriormente citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente preténdese levar a cabo a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía en edificios e infraestruturas públicas.

VIII. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.



Neste mesmo sentido, a citada Lei 7/1985, no artigo 36.1.d establece dentro das súas competencias “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. A súa vez a mesma lei, nos artigos 25 e 26, atribúe aos Concellos as competencias en materia medio ambiente urbano, en particular a protección contra a contaminación atmosférica en las zonas urbanas.

IX. Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen o art. 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, art. 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

En base a estes antecedentes, as partes acordan a subscripción deste convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de A Illa de Arousa para levar a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía en edificios e infraestruturas públicas. Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, que conta co financiamento do 85% da Unión Europea – NextGeneration-EU, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia C2.I4 «Programa de rexeneración e reto demográfico», a través da convocatoria de axudas impulsada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a entidades locais para proxectos singulares de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000).

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación defínense a localización das actuacións a realizar, segundo o recollido na memoria descritiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do Concello:



Concello de A Illa de Arousa	
A Illa de Arousa	Trátase dunha actuación nova sobre dous edificios lindeiros na rúa Marqués de Bradomín, que se atopan actualmente en rehabilitación integral (practicamente finalizada) para o seu uso como Centro Sociocultural, e que ademais están catalogados por patrimonio. Exponse un sistema de aproveitamento da enerxía xeotérmica en circuíto vertical de lazo pechado, empregando unha bomba de calor de última xeración que dea servizo aos dous edificios, cunha rede de distribución enterrada ao redor do 75 metros de lonxitude desde a sala técnica a cada un dos edificios, e da que xa está executada unha parte significativa da mesma (un 50 m.). As emisións reduciranse de 46,9 ao ano a 28,14 ao ano.

Terceira. Importe e financiamento

A inversión elixible admitida polo IDAE para o proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado "Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa", para a realización das actuacións dentro do termo municipal do Concello, ascende á cantidade de cento oitenta e tres mil vinte euros con noventa e sete céntimos de euro (183.020,97€).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo a fondos Nextgeneration-EU concedeu á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de cento cincuenta e cinco mil cincocentos sesenta e sete euros con oitenta e dous céntimos de euro (155.567,82€), correspondendo este importe ao 85% sobre o custo subvencionable.

Para facer fronte ao importe restante (15% do custo elixible admitido) a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación de Pontevedra achegaría o 8% fondos propios sobre o custo elixible admitido co límite de vinte mil euros (20.000€) para actuacións dentro do termo municipal de cada un dos Concellos adheridos.
- O importe restante, ata chegar ao 100% do importe das actuacións a realizar dentro do seu termo municipal, achegaríao cada un dos Concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado achegou a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente onde se adherían ao proxecto e comprometíanse a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para a realización do mencionado proxecto no caso de ser subvencionado.

Ademais, o Concello adherido ao proxecto indicado no inicio deste parágrafo asinou, o día 30 de outubro de 2021, o correspondente Acordo entre beneficiarios, que forma parte da documentación remitida ao IDAE como documento complementario do expediente de concesión da axuda.



A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 10/03/2023 aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado "Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa" aos Concellos beneficiarios e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

Concello	Investimento elixible admitido	Subvención máxima do IDAE (85% sobre o custo subvencionable)	Achega do Concello	Achega da Deputación de Pontevedra
A Illa de Arousa	183.020,97€	155.567,82€	12.811,47€	14.641,68€

A Deputación comprométese a achegar para a realización das actuacións nos Concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a catorce mil seiscientos corenta e un euros con sesenta e oito céntimos de euro (14.641,68€) consignados na aplicación 23/942.1700.652.15, dentro do proxecto de gastos codificado como "investimentos xestionados para concellos (mellora da eficiencia enerxética)".

O Concello financiará o importe restante, é dicir, doce mil oitocentos once euros con corenta e sete céntimos de euros (12.811,47€), que se ingresará no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público que deberá ingresarse na tesourería provincial no momento da sinatura do convenio e, en todo caso, antes da iniciación do expediente de contratación.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento do presente convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo.

Cuarta. Contratación

Segundo co asinado no Acordo entre beneficiarios o Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado "Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa" delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das



asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións no Concello de A Illa de Arousa.

Neste sentido a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios así como a súa montaxe e instalación, entre outros traballos.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a un incremento da cantidade total estipulada no convenio deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase pola Deputación de Pontevedra e polo propio Concello na mesma proporción e co mesmo límite que se estipula na cláusula terceira.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de seguimento e contando coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo aportado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da Comisión de seguimento e contando coa autorización previa e expresa do IDAE.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións a acometer, asumindo as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación, así como da xestión económica e financeira da mesma, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluíndo o cumprimento dos resultados previstos; así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).



- Financiar a execución das actuacións que implican as actuacións no termo municipal do Concello de A Illa de Arousa tal como se reflexa na cláusula terceira.
- Licitación, adjudicación, execución e recepción dos traballos contemplados na memoria descriptiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez dada a recepción dos traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, debendo ordenarse previamente mediante unha resolución presidencial, e detallándose na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos 5 anos posteriores así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello.
- Prestar a colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, tratándose dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.
- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables da consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes, e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionar ao IDAE de acordo co previsto no real decreto de convocatoria das axudas a documentación técnica necesaria «ex ante» e «ex post» referida no citado texto, entre ela a relacionada coa cuantificación dos indicadores enerxéticos que apliquen ao proxecto, así como a relativa ao cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos neste real decreto e en particular no artigo 20, conforme o establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e cos deberes de información e comunicación que correspondan ao beneficiario conforme as normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación na mesma; e conservar durante 5 anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e a aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e, en todo caso, deberán cumprir o prazo recolleito no artigo 132 do Regulamento Financeiro (Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) número 1296/2013, (UE) número 1301/2013, (UE) número 1303/2013, (UE) número 1304/2013, (UE) número 1309/2013, (UE) número 1316/2013, (UE) número 223/2014 e (UE) número 283/2014 e a Decisión número 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) número 966/2012),



dacordo con o que se sinala no art. 22.2.f) do Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

- Presentar as solicitudes de pago, garantindo que os gastos e acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos no real decreto de convocatoria das axudas, facilitando ademais as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando para o efecto canta documentación fose requirida.
- Someterse a calquera outras actuacións de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos ou autoridades de control competentes, tanto nacionais como da Unión Europea, de acordo ao establecido na normativa aplicable á xestión das axudas financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegando para iso canta información lle sexa requirida e cooperando plenamente na protección dos intereses financeiros, tanto nacionais como da Unión Europea, concedendo os dereitos e o acceso necesarios a tales órganos ou autoridades.
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicar de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Responsabilizarse da cumplimentación e envío ao IDAE, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, á Secretaría Xeral de Fondos Europeos, á Intervención Xeral da Administración do Estado, ao Tribunal de Contas e/ou aos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea canta información lle sexa requirida e cooperando plenamente na protección dos intereses financeiros, tanto nacionais como da Unión Europea, concedendo os dereitos e o acceso necesarios a tales órganos ou autoridades, de acordo ao establecido na normativa aplicable á xestión das axudas financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as Administracións que cofinancian a operación, poñendo a disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar durante 5 anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e a aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e, en todo caso, deberán cumprir o prazo recolleito no artigo 132 do Regulamento Financeiro (Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) número 1296/2013, (UE) número 1301/2013, (UE) número 1303/2013, (UE) número 1304/2013, (UE) número 1309/2013, (UE) número 1316/2013, (UE) número 223/2014 e (UE) número 283/2014 e a



Decisión número 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) número 966/2012), de acordo co que se sinala no art. 22.2. f) do Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

- Comprometerse a informar ó IDAE, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, á Secretaría Xeral de Fondos Europeos, á Intervención Xeral e á Administración do Estado, ó Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se houberse feito pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns) así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás Axudas do Estado.
- Cumprir cantas disposicións deriven de disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, como o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como facilitar tanta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello obrígase a:

- Dispoñer de presuposto para acometer a aportación con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda á cofinanciación NextGeneration-EU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación conforme ao procedemento establecido no Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e demais normativa aplicable.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, con anterioridade ao comezo do expediente de contratación das actuacións por parte do servizo de Contratación da institución provincial.

De xeito excepcional, cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGeneration-EU dificulten a sinatura do Convenio de colaboración co Concello e/ou a disposición das achegas municipais con carácter previo ao comezo do expediente de Contratación, poderá aplicarse o recollido na base de execución 29ª das Bases de execución do orzamento vixente da Deputación de Pontevedra.

- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas os deberes de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a



favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. No caso de que o Concello non desembolse o importe comprometido, no tempo e forma acordado, poderá ser expulsado do proxecto singular mencionado de acordo ás normas comunitarias e ás normas nacionais que eventualmente lle sexan de aplicación.

- Poñer a disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo a execución das actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executarán as actuacións de rehabilitación enerxética descritas no proxecto IDAE número PR-D5000-2021-000380, denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”.
- Obter e manter en vigor os permisos, licenzas e autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto do convenio, asumindo a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. No caso de non garantir durante os 5 anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable á respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da Autoridade de Xestión da UE como a perda da subvención para recibir do NextGeneration-EU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle o Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGeneration-EU como a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Dar adecuada publicidade a este convenio para que quede constancia das actuacións que implican as actuacións de rehabilitación enerxética que se levará a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra e que conta co financiamento do NextGeneration-EU nun 85% a través das liñas de axudas do IDAE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea.



- Aceptar os controis e auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Facilitar o seguimento e control do proxecto que realicen os órganos de xestión do programa DUS 5000.
- Comprometerse a informar ó IDAE, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, á Secretaría Xeral de Fondos Europeos, á Intervención Xeral e á Administración do Estado, ó Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se houbese feito pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns) así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás Axudas do Estado.
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e coas normas nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Colaborar en dar resposta ás solicitudes de información que lle planteen os órganos de xestión do Programa DUS 5000, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución do proxecto.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións a realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos neste Real Decreto e en particular no artigo 20, conforme ó establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e cos deberes de información e comunicación que correspondan ó beneficiario con arranxo ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea: desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres; téndoo en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.



- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a facilitar canta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais tendo en conta a normativa comunitaria que regula o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGeneration-EU e demais normativa aplicable.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia ao proxecto obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medios de difusión debe cumprir cos requisitos que figuren no *manual de imaxe do programa* que estará dispoñible na sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o artigo 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo con que se indique no manual de imaxe deste programa que estará dispoñible na sede electrónica de IDAE.

A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional como europea que regule o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade, debendo de mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser



análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como referencia ao Programa DUS 5000. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

- a) Anuncios de licitación.
- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnica.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que a esta fin faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola administración provincial.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello arriba referido e á Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico



que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de seguimento e control, integrada pola presidenta da Deputación e a alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou as persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e o seu secretario que levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións do que é obxecto e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2025.

Non obstante, a vixencia deste convenio poderá prorrogarse de conformidade expresa das partes asinantes, coa finalidade de garantir o cumprimento das obrigas esixidas no real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a



proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algún dos asinantes.

Neste caso notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

- 4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto financiado pola Unión Europea nun 85% marco del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise do COVID-19.



- Resolución de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2020/2093 do Consello do 17 de decembro do 2020 polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento Financeiro (Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.
- Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Directiva 2012/27/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as Directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as Directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018.
- Regulamento de Execución (UE) 2021/437 da Comisión do 3 de marzo de 2021 polo que se modifica o Regulamento de Execución (UE) nº 1011/2014 polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de



solicitud de pago, incluída información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.

- Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia de España aprobado polo Consello de ministros do 27 de abril de 2021 e a Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, do 16 de xuño.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Resolución presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, pola que se regula a información a remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e os seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello de A Illa de Arousa e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.



O Alcalde do Concello de A Illa de Arousa

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Iglesias Cores

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

